

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 0086/2017

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por D. [REDACTED], mediante escrito do 11 de setembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de setembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Cabana.

O interesado indicaba que solicitou ao concello o acceso á información pública en relación á licenza de obra da finca con referencia catastral 6688204NJ6068N con fronte á estrada AC-122 a Mugardos e Camiño da Costa na parroquia de San Martín do Porto, consulta do expediente urbanística e copia literal e planos certificados, así como as condicións impostas na concesión da licenza de obras concedida, tras indicarlle ao concello que era testante da referida finca.

O escrito viña acompañado da solicitude presentada no concello o 7 de agosto de 2017 e copia do DNI do reclamante.

Segundo. Con data 26 de setembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Concello de Cabanas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de setembro de 2017.

O concello non respondeu.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, do 9 de decembro e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que

sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Prazo para resolver

A administración segundo o artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro dispón dun mes para notificar a resolución, e transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase a resolución expresa se entenderá que a solicitude foi desestimada. O interesado dispón, segundo o artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, do prazo dun mes para a interposición da reclamación ante a Comisión da Transparencia. Prazo, que nos casos de silencio dan lugar a que o interesado poda interpor en calquera momento a reclamación a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio .

Quinto.- Análise do expediente

A petición do interesado e que se lle dea copia da licenza de obra da finca con referencia catastral 6688204NJ6068N con fronte á estrada AC-122 a Mugardos e Camiño da Costa na parroquia de San Martín do Porto, se lle permita a consulta do expediente urbanística e copia literal e planos certificados, así como as condicións imposta na concesión da licenza de obras concedida.

Aínda que non é obrigatorio o reclamante indicoulle ao concello que era testante da referida finca.

A solicitude versa sobre unhas obras levadas a cabo no territorio do concello de Cabanas, Obras que sexan realizadas como obra pública ou por un particular deben contar con licenza ou expediente do Concello (expropiación, contrato de obras para reparación ou instalación de servizos públicos, etc.), por tanto, a documentación solicitada entra dentro do concepto de información pública ao tratarse de contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder do concello e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Polo que unha vez analizado o obxecto da solicitude corresponde estimar a reclamación presentada, e recordarlle ao concello que o procedemento para achegar a solicitude é o recollido nos artigos 19 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por ██████████ con data 11 de setembro de 2017, contra a denegación do Concello de Cabanas.

Segundo: Instar ao Concello de Cabanas, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Cabanas, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga